

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE DECLARAN DESISTIDAS DÚAS PERSOAS SELECCIONADAS POLA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE NA MODALIDADE A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DA GUARDA

ANTECEDENTES

1. Mediante a Resolución do 5 de marzo de 2025, modificada pola Resolución do 31 de marzo de 2025, do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publicouse a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados para o acceso ao permiso de explotación de percebe na modalidade de a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores da Guarda. A lista de non seleccionados constitúe unha lista de reserva, que poderá ser empregada para cubrir as prazas vacantes que se produzan durante o ano da súa vixencia.
2. En data 31 de marzo de 2025, a Confraría da Guarda solicita o emprego da lista de reserva para cubrir dúas (2) vacantes. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 9 de abril de 2025 autorízase o emprego da lista de reserva e publícanse os nomes das persoas seleccionadas. Establécese un prazo de 15 días para presentación de documentación.
3. Unha vez finalizado o prazo de presentación de documentación, conséntase que as dúas (2) persoas seleccionadas non presentaron a documentación necesaria.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Este Departamento Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.
2. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011) establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da resolución do departamento territorial.
3. Unha vez finalizado o prazo de presentación de documentación indicado na Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 9 de abril de 2025, as dúas (2) persoas seleccionadas non presentaron a documentación necesaria, polo que de acordo co indicado nas bases da convocatoria, as persoas que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou que, da revisión da mesma, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude. Neste suposto, emitírase unha nova resolución modificando esta, de acordo aos prazos e forma recollidos nas bases da convocatoria. Non hai máis persoas na lista de reserva, polo que se considera finalizada.



4. Correspóndelle a este Departamento Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, este departamento territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

1. **Declarar desistidas** das súas solicitudes no proceso selectivo ás seguintes persoas :

Apelidos e nome	D.N.I.
RODRÍGUEZ PIMENTEL, PATRIK	* * * 6626 * *
RODRÍGUEZ NONIDE, MARIO	***8175**

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora territorial

María Elena Suárez Sarmiento

